

## DECRETO DA ALCALDÍA

Vista convocatoria e Bases específicas para o ingreso dun Oficial de Policía Local pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Escala Básica, mediante concurso oposición en quenda de promoción interna, aprobada por Resolución de Alcaldía nº 2018-1644 de 18 de xuño de 2018, publicadas no BOP do 23 de xullo de 2018.

Visto que con data 20 de decembro 2018 se aproba mediante Decreto nº 2018-3489 lista provisional de admitidos/as e excluídos/as na categoría de Oficial da Policía Local, sendo publicado no BOPPO nº 8 de data 11 de xaneiro de 2019.

En virtude do anteriormente exposto e habendo transcorrido o prazo dos 10 días para a emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista, así como para promover a recusación dos membros do Tribunal,

### RESOLVO:

**Primeiro:** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos.

### CATEGORÍA: OFICIAL DA POLICÍA LOCAL

#### ADMITIDOS

APELIDOS	NOME	DNI
MOLDES ÁLVAREZ	BENIGNO	76893***Z

#### EXCLUÍDOS

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
_____	_____	_____	_____

**Segundo:** Convocar a todos os candidatos admitidos o Xoves, 7 de febreiro de 2019 para a realización da Primeira proba, segundo o apartado 13-Contido da promoción interna, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación. Fase de Oposición, das Bases específicas aprobadas por Decreto 2018-1644 de data 18 de xuño de 2018, debendo estar ás 17:00 horas nas dependencias da Policía Local, sito na R/ As Pombas, s/n, 36860, Ponteareas, para a realización do mentado exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, así como de bolígrafo negro.

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), apartado de Oferta de Emprego Público.

**RECURSO.-** Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente.

Xosé Represas Giráldez